

**ELVIRA LAMA FERNÁNDEZ**, deputada provincial do Grupo Socialista na Deputación Provincial de Ourense, en base ao previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presento a seguinte

### **SOLICITUDE**

En relación co servizo da Rede de canceiras que xestiona esta Deputación provincial dende os anos 2013 e 2014 nas comarca de Xinzo de Limia, Baixa Limia, Valdeorras, Carballiño. Solicito de todos e cada un dos centros, por cada ano, dende a súa apertura ata a actualidade:

1. Gastos de persoal, número de traballadores asignados, quendas de traballo, horarios e gardas, funcións asignadas segundo a categoría profesional.
2. Gastos en bens correntes, enerxía, auga, produtos de limpeza, alimentación produtos veterinarios e outros
3. Gastos de asistencia veterinaria, botiquín ou asistencia clínica. Número de intervencións o ano en cada centro.
4. Gastos de acondicionamento e melloras feitas nos centros así como orzamento das ampliacións, de ser o caso.
5. Número de prazas en cada centro. Número de animais recollidos, número de animais dados en acollida e en adopción. Número de animais sacrificados. Campañas feitas para fomentar a reinserción dos animais en novas familias de adoptantes.
6. Descrición dos protocolos a seguir dende a chegada ao Centro ata a entrega en adopción.
7. Descrición do protocolo a seguir dende a chegada ao Centro ata a entrega en caso de acollida e motivos polos que o animal pasa a estar neste réxime.

En Ourense, 17 de marzo de 2017



Asdo. Elvira Lama Fernández

**-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE**